

Rúbrica para coavaliación do alumnado

| Ítem | % | 0-2 (nula) | 3-4 (negativa) | 5-6 (correcta) | 7-8 (boa) | 9-10 (excelente) |
|---|----|--|---|---|--|---|
| Duración e idioma de presentación | 5 | A presentación foi curta. Non foi en galego. | A presentación durou o xusto. Non foi galego | A presentación durou o xusto. Foi en galego case toda. | A presentación durou un tempo axeitado. Todas as persoas falaban en galego pero con algún erro. | A presentación tivo unha duración perfecta. Todas as persoas falaban galego e sen grandes erros. |
| Información do equipo | 5 | Non presentaron aos membros do equipo. | Só presentan algún membro do equipo | Presentan aos membros do equipo pero só deron o nome. | Presentan aos membros do equipo con nome e apelidos | Presentan aos membros do equipo con nome e apelidos. Indican o rol que tiveron no grupo |
| Reto que explican | 15 | Non indicaron o reto que ían explicar. | Indicaron o reto pero a explicación foi confusa. | Indicaron e explicaron o reto ben | Indicaron e explicaron o reto moi ben. | Indicaron e explicaron dun xeito excelente. |
| Dan algún aspecto teórico do texto escrito | 15 | Non proporcionaron ningunha explicación teórica sobre o texto escrito. | A explicación teórica sobre o texto escrito foi moi breve ou pouco clara. | Proporcionaron unha explicación básica sobre os aspectos teóricos do texto escrito. | A explicación teórica sobre o texto escrito foi clara. | Ofreceron unha explicación teórica excelente, clara e detallada. |
| Comentan se o seu texto responde ao solicitado | 15 | Non se menciona. | Mencionan por enriba. | Mencionan pero dun xeito nada claro. | Explicaron de forma clara que o seu texto responde ao solicitado | Aclararon de forma excepcional se o seu texto responde ao solicitado ou non. |
| Contan como o fixeron | 15 | Non explicaron como abordaron o reto. | A explicación foi escasa ou con erros. | Contárono de forma básica. | A explicación foi clara e comprensible. | A explicación sobre como resolveron o reto foi excepcionalmente clara e detallada. |
| Contan as dificultades que atoparon | 10 | Non mencionaron as dificultades atopadas. | Mencionaron algunhas dificultades, pero por enriba. | Contaron as dificultades que atoparon ao realizar o proxecto. | A explicación das dificultades atopadas foi moi clara. | A explicación das dificultades atopadas foi moi detallada e con exemplos. |
| Indican dúas cousas que aprenderon | 15 | Non indicaron o que aprenderon. | Indicaron por enriba o que aprenderon. | Indicaron dúas cousas que aprenderon durante o proxecto. | Indicaron dúas cousas e explicaron como as aprenderon. | Indicaron dúas ou máis cousas que aprenderon e como o fixeron dunha forma excelente. |
| Abren rolda de preguntas | 5 | Non abriron unha rolda de preguntas. | Abriron unha rolda de preguntas pero non contestaron. | Abriron rolda de preguntas e contestaron. | Abriron rolda de preguntas e contestaron animando tamén a participar. | Abriron unha rolda de preguntas animaron a participar e contestaron de forma excelente. |



“Rúbrica coavaliación alumnado”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

